



Estimadas familias de SECUNDARIA:

Ante as dúbidas formuladas por algunhas familias en relación ao uso da máscara no recreo, comunicamos que **a día de hoxe seguen vixentes as instrucións publicadas no mes de febreiro**, con independencia de que este pasado xoves as Consellerías de Sanidade e Educación emitiron un comunicado conxunto para "deixar de recomendar o uso das máscaras nos espazos ao aire libre dos centros educativos da comunidade".

Polo tanto **a normativa vixente no uso das máscaras para Secundaria resúmese no seguinte:**

1- O uso de máscara no interior do centro continúa a ser obrigatorio para todas as persoas maiores de 6 anos (e recomendable para maiores de 3 anos).

2- No patio durante o recreo poderían quitar a máscara, por estar ao aire libre, pero sempre que se garde a distancia de seguridade de 1,5 m.

ESTA DECISIÓN É RESPONSABILIDADE DAS FAMILIAS.

3- A máscara non poderá sacarse ata a chegada ao patio e deberá poñerse antes de entrar novamente no centro despois do recreo, sendo recomendable dispoñer dun portamáscaras.

O PROFESORADO VELARÁ POLO CUMPRIMENTO DESTA NORMATIVA.

Vedra a 21 de marzo de 2022

O EQUIPO DIRECTIVO